

**RESOLUCIÓN REITORAL DE CONCESIÓN DIRECTA  
CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO DE 1 PREMIO  
GIRLGECKPOWER DA CÁTEDRA DE FEMINISMOS 4.0  
DEPO-UVIGO, CURSO 2023/2024**

Visto o expediente de modificación de concesión dos Premios GirlGeekPower no que se corríxen os erros detectados na tramitación da convocatoria, erros imputables na súa totalidade á administración,

Vistas as alegacións presentadas por Antía Álvarez Pazó, afectada pola modificación de concesión nas que expón as consecuencias na súa persoa da retirada do primeiro premio,

Visto o informe da unidade de igualdade no que se sinala que a estudante afectada pola modificación presenta un excelente aproveitamento académico e que a súa carta de motivación obtivo a máxima puntuación outorgada por unanimidade pola comisión de selección, o que demostra a súa idoneidade para recibir un premio equivalente ao 1º premio,

Visto que xa foi realizado o pago do primeiro premio concedido á interesada por Resolución Reitoral de 5 de decembro, e o grave prexuízo que suporía o seu reintegro dado o tempo transcorrido desde o pago, habida conta de que os erros cometidos na tramitación son imputables á Universidade de Vigo e non a afectada.

**Esta Reitoría resolve**

conceder con carácter excepcional en réxime de concesión directa, en atención ao interese social do seu obxecto, o 1º premio GirlGeekPower de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e coas seguintes bases:

**1. Obxecto.**

A finalidade do premio é incentivar, fomentar e apoiar os estudos STEM.

**2. Procedemento de concesión.**

O premio regulado nesta Resolución Reitoral ten carácter singular, polo que se autoriza a súa concesión directa en aplicación do previsto nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, por concorrer razóns de interese público e social.

Se lle outorga o premio a Antía Álvarez Pazó de 1.000 €, adicional ao accesit outorgado por Resolución Reitoral de 23 de febreiro de 2024.

**3. Dotación e pagamento.**

A Universidade dispón para tal fin de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 2024 121D 48299 para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito. O importe do premio é de 1.000 € que é compensado polo pago realizado na conta bancaria sinalada pola interesada na solicitude inicial.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica  
O reitor